



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Comunicación multimodal	Código	613836051	
Titulación	Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e LatinaGalego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Fernández Ferreiro, Manuel	Correo electrónico	manuel.fernandez.ferreiro@udc.es	
Profesorado	Fernández Ferreiro, Manuel	Correo electrónico	manuel.fernandez.ferreiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da comunicación multimodal desde unha perspectiva pragmática, baseada na interpretación contextualizada dos diversos recursos en uso. Prestarase especial atención á análise da estrutura, a organización informativa e o uso dos distintos recursos na comunicación multimodal, en distintos ámbitos e para distintos propósitos.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística.
A2	Capacidade para comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas.
A3	Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística.
A5	Capacidade para a selección axeitada de datos lingüísticos en función do método de investigación elixido.
A6	Coñecemento das principais áreas da lingüística aplicada.
A7	Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística...).
A8	Obtención dun nivel de formación teórica que permita comprender e vulgar criticamente a bibliografía lingüística especializada.
A9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)
A10	Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador.
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo.
B6	Capacitación dos estudantes para que adquiran coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos.
B7	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B8	Capacidade dos estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora.
B9	Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidasas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais



B10	Capacidade dos estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster.
C3	Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolvemento para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer o concepto de multimodalidade da comunicación e as súas implicacións.	AI1 AI6	BI3 BI7	CM4 CM6 CM8
Coñecer e saber manexar os requisitos, conceptos e procedementos para a análise dos discursos multimodais.	AI1 AI3 AI5 AI7 AI9 AI10	BI2 BI3 BI6 BI7	CM6
Integrar e utilizar as técnicas e ferramentas aportadas por distintas disciplinas e enfoques para analizar os discursos multimodais. Pór en valor a interdisciplinariedade.	AI1 AI2 AI3 AI5 AI9 AI10	BI2 BI5 BI7 BI8 BI10	CM3 CM6 CM8
Utilizar ferramentas das tecnoloxías da información e o coñecemento para a análise multimodal dos discursos.		BI3 BI5 BI8	CM3 CM8
Coñecer e descubrir novas implicacións e utilidades da análise multimodal do discurso, en distintas áreas e para diversos problemas.	AI3 AI6 AI7	BI5 BI7 BI9	CM3 CM6 CM8
Reflexionar e adoptar unha postura crítica ante os produtos semióticos das sociedades, principalmente da contemporánea.	AI8	BI2 BI3 BI5 BI6	CM4 CM6 CM8
Enriquecer criticamente os coñecementos xa posuídos sobre análise da linguaxe.	AI1 AI2 AI3 AI8	BI1 BI2 BI6 BI7	CM4 CM6 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A comunicación. Linguaxe, modo e recursos semióticos.	
2. A comunicación multimodal: definición, características. Conceptos básicos.	



3. A(s) análise(s) multimodal(es) da comunicación: enfoques e resultados.	
4. Comunicación e tecnoloxía: observacións históricas e contemporáneas.	
5. Algunhas conexións: os xéneros discursivos; as narrativas transmedia; as novas alfabetizacións; sociedade e educación...	

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	0	16	16
Sesión maxistral	7	7	14
Obradoiro	6	8	14
Aprendizaxe colaborativa	1	6	7
Prácticas a través de TIC	1	3	4
Traballos tutelados	1	10	11
Proba obxectiva	1	6	7
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	O/a estudante disporá dun dossier de lecturas obrigatorias de curso, ademais dunha listaxe de lecturas recomendadas. Os materiais correspondentes a cada tema deberán ser lidos puntualmente polo(a) estudante antes de ser tratados na aula, seguindo as indicacións do profesor.
Sesión maxistral	O profesor exporá organizadamente contidos fundamentais da materia.
Obradoiro	Unha grande parte das aulas presenciais responderán á estrutura de obradoiros, con estudos de caso, debates, solución de problemas, etc. Dada a carga horaria dispoñible, tenderán a ser de curta duración, mais serán de gran relevancia na avaliación do(a) estudante.
Aprendizaxe colaborativa	A aprendizaxe colaborativa terá un papel fundamental: ao longo do curso realizaranse distintas tarefas, estudaranse casos e resolveranse problemas en grupo. Prestarase moita atención á participación do estudante.
Prácticas a través de TIC	Unha parte importante das actividades desenvolvidas requirirán a utilización de TIC.
Traballos tutelados	O/a estudante realizará un traballo académico individual. O tema será acordado co profesor, e este proporcionará as indicacións e guía necesarias nas titorías. O/a estudante deberá informar regularmente ao profesor sobre o desenvolvemento deste traballo.
Proba obxectiva	O/a estudante poderá realizar unha proba obxectiva sobre os contidos da materia para a súa avaliación na segunda oportunidade de xullo. Esta proba terá carácter teórico e práctico.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	O profesor fará un seguimento personalizado do(a) estudante, observando fundamentalmente a súa participación e actividade na aula e o seu desempeño.
Traballos tutelados	Atenderá personalizadamente ao estudante nas titorías, sobre todo para a realización do traballo tutelado. Tanto o/a estudante como o profesor poderán impulsar por iniciativa propia unha titoría individualizada cando o consideren necesario.
Obradoiro	



Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	Avaliarase en distintos apartados. A porcentaxe reflectida non se corresponde coa real: véxanse as observacións á avaliación.	15
Sesión maxistral	Avaliarase en distintos apartados. A porcentaxe reflectida non se corresponde coa real: véxanse as observacións á avaliación.	5
Traballos tutelados	Traballo individual tutelado polo profesor no que o/a estudante aplicará o aprendido na materia. O tema será acordado co profesor.	40
Lecturas	Avaliarase en distintos apartados. A porcentaxe reflectida non se corresponde coa real: véxanse as observacións á avaliación.	5
Prácticas a través de TIC	Avaliarase en distintos apartados. A porcentaxe reflectida non se corresponde coa real: véxanse as observacións á avaliación.	15
Proba obxectiva	O/a estudante só poderá optar por esta posibilidade na segunda oportunidade, en substitución do traballo tutelado. A porcentaxe reflectida non se corresponde coa real: véxanse as observacións á avaliación.	5
Obradoiro	Avaliarase en distintos apartados. A porcentaxe reflectida non se corresponde coa real: véxanse as observacións á avaliación.	15

Observacións avaliación

As porcentaxes aportadas arriba non responden á distribución real, e deberon ser incluídas por esixencias da aplicación.

A cualificación final do estudante na primeira oportunidade responderá á seguinte distribución:

1. Un 40% responderá ao traballo tutelado individual que debe realizar.
2. Un 45% responderá ás actividades e tarefas avaliáveis encomendadas ao longo do curso (individuais e grupais) e que foran recollidas e puntuadas polo profesor.
3. Un 15% responderá á participación do estudante no desenvolvemento da materia, é dicir, tanto nas aulas presenciais como no traballo fóra delas.
4. Recibirá a cualificación de Non Presentado quen non entregara o traballo tutelado nin o 50% ou máis das tarefas avaliáveis encomendadas.

Quen non superara a materia, disporá dunha segunda oportunidade no mes de xullo. O/a estudante ten dúas opcións:

Opción A. Realizar os traballos e actividades non entregados ou non superados na primeira oportunidade: pode ter que realizar as mesmas ou unhas substitutivas que lle indicará o profesor. A distribución porcentual para obter a cualificación final será igual á da primeira oportunidade.

Opción B. Realizar as actividades non entregadas ou non superadas na primeira oportunidade (45%), e unha proba obxectiva (na data oficial establecida) que substitúe ao traballo tutelado (40%).

Nas dúas opcións, se o/a estudante ten suspenso a parte de participación (15%), esta non computará e cada unha das outras dúas pasará a contar un 50%.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Para que o estudante aproveite mellor esta materia, é importante que: 1. asista ás aulas regularmente; 2. faga as lecturas de curso encomendadas antes de que sexan tratadas nas aulas; 3. participe activa e criticamente nas aulas expoñendo as súas ideas e dúbidas, ademais de escoitando e valorando as dos/as outros/as estudantes; 4. traballe colaborativamente cos/as seus/súas compañeiros/as; 5. entregue puntualmente as tarefas encomendadas; e 6. acuda ao profesor para aquelas dúbidas que precisen unha atención máis individualizada.

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías